

BANDO TERMALISMO SOCIAL



Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.
- Poderán ser persoas adxudicatarias das prazas, como acompañante o cónxuxe ou parella de feito, e os fillos/as con discapacidade en grao igual ou superior ao 45%.
- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Poder valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

Documentación:

Se a temporada anterior a persoa solicitou praza e reunía os requisitos para participar no programa, o IMSERSO remitiralle por correo un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude.

NOVAS SOLICITUDES:

- [Solicitude](#), na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto da/o solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI da/o solicitante e do cónxuxe ou acompañante se procede e Tipo e importe exacto da pensión mensual

Prazos de Solicitude:

- Para as quendas dos **meses de febreiro a agosto**, ambos inclusive: ata o día 9 de xaneiro de 2024.
- Para as quendas dos **meses de setembro a decembro**: ata o día 15 de maio de 2024.

As solicitudes poden rexistrarse dixitalmente persoas interesadas na web do IMSERSO no enlace [sede electrónica do Imsero \(https://sede.imserso.gob.es\)](https://sede.imserso.gob.es).

Para máis Información e/ou presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello solicitando cita previa, nos teléfonos 986 557125 e 986 564409.

A ALCALDESA, María Teresa Tocino Barreiro



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES

